

OFICINA TÉCNICA

1. O Consorcio de Santiago publica a licitación para a intervención na Facultade de Xeografía e Historia

O Consorcio de Santiago publicou o 4 de setembro na Plataforma de Contratación do Estado a licitación para levar a cabo unha intervención na Facultade de Xeografía e Historia, en concreto para a restauración, conservación e limpeza das fachadas este e sur do claustro, así como para executar as obras necesarias para a habilitación dun espazo na planta baixa do inmoble para o depósito de publicacións periódicas da biblioteca do centro. Para iso, será preciso acometer a reforma de despachos, seminarios e zonas de circulación que actualmente ocupan a planta baixa da Facultade.

O orzamento base de licitación (con IVE) ascende a un total de 395.244,15 euros, e estímase que o prazo de execución das obras non excederá os 6 meses. Debido a que os espazos nos que se intervirá contan con accesos a través das zonas exteriores e interiores de circulación xeral do edificio, as obras acometeranse sen entorpecer as actividades do persoal e alumnos da Facultade.

Máis información:

<http://www.consorciosantiago.org/fores/fo-conorcio-de-santiago-publica-licitacion-para-intervencion-na-facultade-de-xeografia-e-historia>



EXPOSICIONS



2. A exposición "Tras a pegada das musas" recibiu xa a máis de 5.300 visitantes desde a súa apertura

A exposición da Casa do Cabido "Tras a pegada das musas", aberta desde o 24 de maio, recibiu xa a máis de 5.348 visitantes.

A maioría de persoas procederon de Santiago de Compostela e A Coruña, seguidos por visitantes pertencentes as comunidades de Andalucía e Madrid. Tamén chegaron moitas persoas de diferentes países europeos, e mesmo doutros continentes, principalmente América. O perfil do visitante é dun individuo de entre 18 e 30 anos, cun lixeiro predomínio das mulleres sobre os homes.

A exposición será clausurada o domingo 26 de outubro, e está aberta de balde en horario de 10:00 h a 14:00 h e de 17:00 h a 21:00 h de martes a sábado, e o domingo de 11:00 h a 14:00 h.

Máis información:

<http://www.consorciosantiago.org/fores/fo-exposicion-tras-pegada-das-musas-recibiu-xa-mais-de-5300-visitantes-desde-sua-apertura>

3. O Consorcio de Santiago participa na Noite do Patrimonio con dúas visitas guiadas á exposición da Casa do Cabido

O sábado 13 de setembro o Consorcio de Santiago participou na celebración da Noite do Patrimonio, unha iniciativa cultural que se desenvolve de forma simultánea nas 15 Cidades Patrimonio da Humanidade de España. Durante unha noite única, os seus centros históricos convértese en escenarios vivos onde dialogan a arte, a historia e a cidadanía.

Na edición deste ano, o Consorcio participou cun programa especial centrado na Casa do Cabido, espazo que permaneceu aberto ao público entre as 21:00 e as 23:30 horas. A protagonista foi a artista compostelá María Eiras, Mareiras, quen guiou dúas visitas á súa exposición "Tras a pegada das musas". Entre os dous paseos a artista estivo pintando nos baixos da Casa do Cabido.

Máis información:

<http://www.consorciosantiago.org/fores/fo-conorcio-de-santiago-participa-na-noite-do-patrimonio-con-duas-visitadas-guiadas-exposicion>



MÚSICA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

1. A Real Filharmonía de Galicia achega a música clásica aos barrios composteláns de Galeras, Conxo e Fontiñas

A Real Filharmonía de Galicia segue apostando na descentralización da súa actividade ao achegar a música clásica á cidadanía a través de espectáculos gratuitos nos barrios composteláns. Nestes concertos presentáronse os contidos da vindeira temporada da RFG, "Historias", cun formato máis próximo e a intervención de comentarios dos directores entre as obras presentadas co fin de romper os muros invisibles que afastan moitas persoas da música clásica.

Os concertos tiveron lugar na Casa das Máquinas, na Igrexa de Santa María da Mercé de Conxo e no Centro Comercial Área Central os días 24, 25 e 26 de setembro.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/fo-real-filharmonia-de-galicia-achega-a-musica-clasica-aos-barrios-compostelans-de-galeras-conxo-e-fontinas/>



2. A Real Filharmonía de Galicia selecciona un/unha novo/a director/a asistente para a anualidade 2026/2027

2. A Real Filharmonía de Galicia selecciona un/unha novo/a director/a asistente para a anualidade 2026/2027

A Real Filharmonía de Galicia abre un proceso de selección para a posterior contratación dun/dunha novo/a director/a asistente para a anualidade 2026/2027. Ofrécese unha experiencia formativa en todos os aspectos prácticos do mundo musical profesional (dirección, programación, formación, relación con outras institucións artísticas, entre outras). A persoa seleccionada gozará dunha oportunidade para profundar e impulsar a súa carreira coma director/a profesional, baixo a tutoría do director titular e artístico da RFG, Baldur Brönnimann.

As persoas interesadas poderán inscribirse ata o día 26 de outubro de 2025 a través da plataforma Muvac.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/fo-real-filharmonia-de-galicia-selecciona-un-unha-novo-a-director-a-asistente-para-a-anualidade-2026-2027/>

3. Oferta de emprego de Viola Principal, Violonchelo Principal e Viola Tutti para a Real Filharmonía de Galicia

No Boletín Oficial do Estado, número 234, do 29 de setembro de 2025, publícanse as bases íntegras da convocatoria para a selección de persoal laboral fixo da orquestra Real Filharmonía de Galicia, nos postos de Viola Principal, Violonchelo Principal e Violín Tutti.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/fo-oferta-de-emplego-de-viola-principal-violonchelo-principal-e-viola-tutti-para-a-real-filharmonia-de-galicia/>



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

1. A Escola de Altos Estudos Musicais celebra a reunión do Consello Académico do CAEO

O Consello Académico do Curso Avanzado de Especialización Orquestral reuniuse nas instalacións da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) para analizar e actualizar as liñas de traballo da formación.

No encontro participaron: D. José Antonio Domínguez, xerente do Consorcio de Santiago de Compostela; D. Enrique Meyer, xefe de estudos da EAEM; D. Baldur Brönnimann, director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia; Laurent Blaitiau, frautista da Real Filharmonía de Galicia e profesor da EAEM; D^a María José López Couso, vicerrectora de Titulacións da USC; D^a Pilar Murias Fernández, vicerrectora de Estudos e Cultura; D. Javier Otero Neira, profesor e representante da Consellería de Cultura e tamén D. Francisco Javier Garbayo Montabes, profesor e delegado académico do curso.

Máis información CAEO:

<https://www.es/fo/fo-caeo/fo-escola-de-altos-estudios-musicais-celebra-a-reunion-do-consello-academico-do-caeo/>




2. A EAEM publica o listado de aprobados nas probas extraordinarias de acceso ao CAEO

As probas tiveron lugar o último 20 de setembro para tres prazas: una de violín, unha de violoncello e unha de viola. Este curso dirixíase a estudantes que finalizaron a súa formación musical e queren formar parte dunha orquestra profesional. A través deste curso, que comezará en outubro de 2025 e finalizará en xuño de 2026, os participantes recibirán clases individualizadas da man dos seus profesores, todos músicos da Real Filharmonía, e doutros solistas de relevancia internacional.

Máis información CAEO:

<https://www.es/fo/fo-caeo/fo-escola-de-altos-estudios-musicais-publica-o-listado-de-aprobados-nas-probas-extraordinarias-de-acceso-ao-caeo/>



3. Comeza o Curso Avanzado de Especialización Orquestral na Escola de Altos Estudos Musicais

O mércores 1 de outubro tivo lugar a presentación oficial do Curso Avanzado de Especialización Orquestral na Escola de Altos Estudos Musicais.

O xefe de estudos, Enrique Meyer, foi o encargado de dar a benvida ao novo alumnado e de explicarlles como se desenvolverán as clases ao longo deste curso académico. Durante a súa intervención, Meyer detallou a parte teórica do programa, así como o funcionamento da plataforma dixital que empregará o alumnado.

Ademais, fixo especial fincapé na participación dos estudantes nos concertos de temporada da Real Filharmonía de Galicia, unha oportunidade única para completar a súa formación práctica compartindo escenario cos profesionais da orquestra.

Máis información CAEO:

<https://www.es/fo/fo-caeo/fo-escola-de-altos-estudios-musicais-comenza-o-curso-avanzado-de-especializacion-orquestral-na-escola-de-altos-estudios-musicais/>

